

VIVIR > AULAS

CURSOS A asociación de docentes de Historia e Filosofía Sine Nomine organiza o ciclo 'Exercicios laicos' para debater sobre relixión e currículo

CINE PARA REIVINDICAR O LAICISMO NA EDUCACIÓN


A CATEQUESE, NA PARROQUIA, E NA AULA MÁIS HISTORIA, EDUCACIÓN FÍSICA E FILOSOFÍA, TEIMAN

M.J.Cebre · Santiago

Exercicios laicos. Con esta clara referencia a aqueles "famosos exercicios espirituais" Mercedes González presentou onte en Santiago o cuarto ciclo de Cine e Historia que organiza a asociación Sine Nomine de profesores de Historia e Filosofía de Educación Secundaria co apoio de Nova Escola Galega. Unhas xornadas anuais sobre cine documental e historia coas que se pretende ofrecerlle ó profesorado o cine documental como ferramenta de aprendizaxe dinámica e aberta para tratar na aula a historia do presente cunha perspectiva crítica.

O laicismo será o fío condutor deste cuarto ano, que congregará 200 persoas. "Desde a sociedade civil e laica queremos debater a presenza da relixión na escola. Non negamos o dereito da Igrexa a dar a súa opinión, pero cuestionamos a presenza da relixión confesional nas aulas e queremos que saia do currículo. Na escola, a educación; a catequese, na parroquia".

Os ciclos organízanse arredor da proxección dun documental e logo un relator abre o debate. "Son nomes de primeiro nivel en cada te-



González, de Sine Nomine, dereita, a concelleira de Educación Guadalupe Rodríguez e Francisco Veiga, de NEG

A AXENDA

Proxección e relatores de 1º nivel

A primeira xeira deste cuarto ciclo será hoxe, coa proxección de 'Madrid se divorcia', un documental sobre a problemática do divorcio, a familia e a influencia da Igrexa na 2ª república. "Foi un material moi difícil de conseguir, é do ano 1933 e tivémos que pedir á Filmoteca Nacional", explica a voceira de Sine Nomine. O 29 de xaneiro, proxéctase 'La ciencia en duda' (2006) con conferencia de Marilar Alexandre, catedrática de Didáctica das ciencias da USC. O 5 de febreiro '¿Quién te-

me a la educación para la ciudadanía?', unha reportaxe de Cuatro, e conferencia de José Tamayo, profesor da Universidade Carlos III. O 12 de febreiro poderase ver 'Jesus Camp' (2006) de Heidi Ewing, e charla a cargo de Henri Peña-Ruiz, do Institut d'Etudes Politiques de París. Finalmente, o 19 de febreiro proxectarase 'El celuloide oculto' (1995) de Robert Epstein, con relatorio a cargo de Nanina Santos, da Revista Andaina. Será no salón de actos da Facultade de Políticas da USC.

ma". Hoxe estará Fernando Pastor, "que saltou ós medios ó denunciar a presenza de símbolos relixiosos no colexió do seu fillo e "provocar" a suspensión dos beléns e os festivais de Nadal no centro", lembra González. E é que este ciclo é a culminación da protesta iniciada en abril do 2008 contra o novo decreto de bacharelato, cun manifesto asinado por 1.000 persoas contra a "presenza dunha materia como relixión confesional" que "condiciona e obstaculiza a planificación do tempo lectivo". Así, denuncian que esta materia en 2º de bacharelato implica unha hora menos de Historia e en 1º de Bacharelato supón menos horas para Educación Física, Filosofía e Cidadanía.●